

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, que forma parte do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**, relativa aos incumprimentos legais en materia de promoción interna do persoal funcionario de corpos xerais.

As reiteradas dilacións no que atinxe ás convocatorias de praza de promoción interna suman xa cinco anos. Un lustro onde a administración pública atenta contra o dereito do persoal funcionario segundo recolle o artigo 14 C do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), que sinala o dereito á progresión na carreira profesional e á promoción interna segundo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade mediante a implantación de sistemas transparentes e obxectivos de avaliación.

Nas últimas xuntanza da Mesa Xeral de negociación, o director xeral da función pública anunciou unha e outra vez a inminencia das convocatorias de promoción interna, a asunción de diversas demandas das centrais sindicais, e a remisión dos borradores das mesmas.

Van moi vencidos os prazos estipulados no EBEP e se combina este incumprimento coa secuencia de ataques e recortes aos dereitos e condicións laborais e salariais do persoal funcionario de maior magnitude dende a fin da ditadura.

Retrasos e incumprimentos que lesionan dereitos e comprometen a propia organización da vida persoal e laboral das traballadoras e traballadores públicos.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Como enxúza a Xunta aos atrasos na convocatoria de prazas de promoción interna? Vai depurar algunha responsabilidade política? En que termos?



- Vai convocar de urxencia a dirección xeral da función pública a Mesa negociadora para chegar a un acordo coa representación social das traballadoras e traballadores no que atinxe á convocatoria das prazas de promoción interna? Contempla acumular as prazas ofertadas coas doutros anos aínda pendentes?
- Cal é a previsión temporal para executar a devandita convocatoria?

En Compostela, a 13 de maio do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 13/05/2015 11:08:28